



# BOP

SÁBADO, 24 DE OUTUBRO DE 2020

N.º 244

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

## CONCELLOS

BALEIRA

*Anuncio*

### APROBACIÓN INICIAL DO INVENTARIO MUNICIPAL DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE BALEIRA

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo) na sesión plenaria ordinaria do 07 de outubro do 2020, aprobou inicialmente o Inventario Municipal de Camiños do Concello de Baleira .

O expediente sométese ó trámite de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o mencionado prazo poderánse presentar cantas reclamacións, alegacións ou suxestións se consideren oportunas, que serán resoltas pola Corporación Municipal.

De non se presentaren reclamacións, alegacións ou suxestións durante o mencionado prazo o acordo de aprobación inicial do inventario entenderáse definitivamente adoptado considerándose definitivamente aprobado o inventario de camiños sen necesidade de novo acordo expreso.

Baleira, 15 de outubro de 2020.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2532

## CARBALLEDO

*Anuncio*

En sesión plenaria celebrada o 24 de setembro de 2020 foi inicialmente aprobado o **PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE O RISCO DE ROTURA DA PRESA DE SAN PEDRO NO CONCELLO DE CARBALLEDO** o que faise público polo prazo de VINTE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 15 de outubro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2533

*Anuncio*

En sesión plenaria celebrada o 24 de setembro de 2020 foi inicialmente aprobado o **PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE O RISCO DE ROTURA DA PRESA DE OS PEARES NO CONCELLO DE CARBALLEDO** o que faise público polo prazo de VINTE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 15 de outubro de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2534

## CASTROVERDE

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local na sesión do día 14 de Outubro de 2020 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Setembro de 2020, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber